

**Deputación
Pontevedra**
Secretaría Xeral



Pazo Deputación Provincial
Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100 - Fax: +34 986 804 124
www.depo.es

C.C./Sof.

A Presidencia, en uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

RESOLUCIÓN

Dada conta de que en sesión plenaria de 29 de xuño de 2012 acordouse inicialmente disolver e derrogar os estatutos de, entre outros, os organismos autónomos provinciais: Escola de Canteiros de Pontevedra, Instituto para a promoción e equipamento do solo industrial da provincia de Pontevedra (IPESPO), Turismo Rías Baixas e Museo Provincial de Pontevedra.

Así mesmo, estableceríase que a Escola de Canteiros de Pontevedra integrárase no Servizo da Escola de Canteiros, o Instituto para a promoción e equipamento do solo industrial da provincia de Pontevedra no Servizo de Infraestruturas, Turismo Rías Baixas no Servizo de Turismo e o Museo Provincial de Pontevedra no servizo do Museo Provincial.

Resultando que ó non presentarse alegacións durante o período no que estiveron en exposición pública os citados acordos, quedaron elevados a definitivos.

Resultando que os citados organismos autónomos dispoñían de rexistros auxiliares de entrada e de saída de documentos.

Resultando que debido á reestruturación efectuada, enténdese que non era necesario manter ditos rexistros, debido ó pequeno volume de documentos, así como á proximidade das sedes ó Pazo Provincial onde está situado o Rexistro Xeral.

Considerando o disposto no art. 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, arts. 151 a 162 do R.d. 2568/1986, de 28 de novembro, así como o R.d. 772/1999, de 7 de maio.

Considerando o disposto na Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns ós servizos públicos, que reconece o dereito dos cidadáns a se relacionaren coas Administracións públicas por medios electrónicos, consecuencia do cal é necesario actualizar o sistema de rexistro da Deputación Provincial.

Considerando que dentro do ámbito das súas competencias ostenta a Deputación a potestade de autoorganización.

Considerando que corresponde á Presidencia a organización dos servizos administrativos da Corporación (art. 61.2 do R.d. 2568/1986, de 26 de novembro).



RESOLVO:

1.- Suprimir os seguintes rexistros auxiliares do rexistro xeral da Deputación Provincial de Pontevedra:

- Rexistro da Escola de Canteiros de Pontevedra.
- Rexistro do Museo Provincial de Pontevedra.
- Rexistro de Turismo Rías Baixas.
- Rexistro do Instituto para a promoción e equipamento do solo industrial da Provincia de Pontevedra (IPESPO).

2.- Manter os seguintes rexistros auxiliares do rexistro xeral da Deputación Provincial de Pontevedra:


- Rexistro da sede da Deputación Provincial de Pontevedra en Vigo.
- Rexistro do Organismo Autónomo de Recadación da Administración Local (ORAL) do que dependen os seguintes rexistros de Arbo, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, Cangas, A Cañiza, Comarca do Deza, Comarca do Val Miñor, A Estrada, Moaña, Pontearreas, Pontecaldelas, O Porriño, O Rosal, Sanxenxo, Tomiño, Tui, Vilanova de Arousa, Covelo e As Neves.

3.- A partir do 1 de xaneiro de 2013 e con carácter transitorio en tanto en canto non se dite nova regulación pola que se poña en funcionamento o sistema de rexistro único, continuará rexendo o procedemento actual de numeración por series.

4.- A partir do 1 de abril de 2013, as oficinas de Rexistro da Deputación Provincial de Pontevedra efectuarán as anotacións rexistrais nun soporte informático de rexistro único. O rexistro de documentos realizarase de forma automatizada, establecéndose unha única numeración correlativa dos asentos en función da orde de recepción ou de saída.

5.- Para o coñecemento xeral, dispónse a publicación no Boletín Oficial de Provincia da relación actualizada das oficinas de rexistro propias e concertadas, que se acompaña como Anexo desta Resolución.


Esta resolución entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2013, quedando sen efecto calquera outra coa que resulte incompatible.




ANEXO

Oficinas de rexistro da Deputación Provincial de Pontevedra

Denominación	Enderezo	Localidade	Horario
Rexistro xeral da Deputación Provincial de Pontevedra	Pazo Deputación Provincial. Avenida de Montero Ríos s/n	Pontevedra	Luns a venres de 8.30 a 14.30 horas e de 17 a 19 horas
			Sábados de 9 a 13 horas.
Rexistro auxiliar da sede da Deputación Provincial de Pontevedra en Vigo	Rúa Oporto nº 3	Vigo	Luns a venres de 9.00 a 14.00 horas
Rexistro auxiliar do Organismo Autónomo de Recadación da Administración Local (ORAL) en Pontevedra	Avda. de Marín nº 9 baixo	Pontevedra	Luns a venres de 9.00 a 14.00 horas
Rexistro auxiliar do Organismo Autónomo de Recadación da Administración Local (ORAL) en Arbo	Rúa Luis Cubelas, 2	Arbo	Mércores de 9.00 a 13.30 horas
Rexistro auxiliar do Organismo Autónomo de Recadación da Administración Local (ORAL) en Bueu	Eduardo Vicenti, 8	Bueu	Luns e Xoves de 9.00 a 13.30 horas
Rexistro auxiliar do Organismo Autónomo de Recadación da Administración Local (ORAL) en Caldas de Reis	Rúa Jose Salgado, 19	Caldas de Reis	Luns a venres de 9.00 a 14.00 horas
Rexistro auxiliar do Organismo Autónomo de Recadación da Administración Local (ORAL) en Cambados	Rúa Ourense , 8	Cambados	Luns a venres de 9.00 a 14.00 horas
Rexistro auxiliar do Organismo Autónomo de Recadación da Administración Local (ORAL) Cangas	Rúa Castelao s/n. Edif. Concello.	Cangas	Luns a venres de 9.00 a 14.00 horas



Rexistro auxiliar do Organismo Autónomo de Recadación da Administración Local (ORAL) en a Cañiza	Rúa Progreso-Edif. Xulgados.	A Cañiza	Martes e Xoves de 9.00 a 13.30 horas
Rexistro auxiliar do Organismo Autónomo de Recadación da Administración Local (ORAL) no Covelo	Praza do Maestro Cerviño, 2	O Covelo	Luns de 9.00 a 13.30 horas
Rexistro auxiliar do Organismo Autónomo de Recadación da Administración Local (ORAL) na comarca do Deza	Rúa Garda Civil, 26 baixo.	Lalin	Luns a venres de 9.00 a 14.00 horas
Rexistro auxiliar do Organismo Autónomo de Recadación da Administración Local (ORAL) na comarca do Val Miñor	Calle Damas Apostólicas, 15.	Nigrán	Luns a venres de 9.00 a 14.00 horas
Rexistro auxiliar do Organismo Autónomo de Recadación da Administración Local (ORAL) na Estrada	Avenida Benito Vigo, 47 baixo.	A Estrada	Luns a venres de 9.00 a 14.00 horas
Rexistro auxiliar do Organismo Autónomo de Recadación da Administración Local (ORAL) en Moaña	Rúa Almansa, 7.	Moaña	Martes e mércores de 9.00 a 13:30 horas
Rexistro auxiliar do Organismo Autónomo de Recadación da Administración Local (ORAL) en As Neves	Praza da Cristiandade 1	As Neves	Venres de 9:00 a 13:30
Rexistro auxiliar do Organismo Autónomo de Recadación da Administración Local (ORAL) en Pontearreas	Rúa Daniel Ojea, 5 baixo.	Pontearreas	Luns a venres de 9.00 a 14.00 horas
Rexistro auxiliar do Organismo Autónomo de Recadación da Administración Local (ORAL) en Ponte Caldelas	Av. Galicia, 17. Edificio Concello,	Ponte Caldelas	Venres de 9:00 a 13:30



Rexistro auxiliar do Organismo Autónomo de Recadación da Administración Local (ORAL) no Porriño	Rúa O Pinar, 5.	O Porriño	Luns a venres de 9.00 a 14.00 horas
Rexistro auxiliar do Organismo Autónomo de Recadación da Administración Local (ORAL) no Rosal	Praza. do Calvario, 1 Edif. Concello.	O Rosal	Martes e Xoves de 9.00 a 14.00
Rexistro auxiliar do Organismo Autónomo de Recadación da Administración Local (ORAL) en Sanxenxo	Rúa Carlos Casas, 8.	Sanxenxo	Luns a venres de 9.00 a 14.00 horas
Rexistro auxiliar do Organismo Autónomo de Recadación da Administración Local (ORAL) en Tomiño	Praza do Seixo, sn	Tomiño	Primeiro e último mércores de mes de 9.00 a 13:30 horas
Rexistro auxiliar do Organismo Autónomo de Recadación da Administración Local (ORAL) en Tui	Rúa Coruña, 26.	Tui	Luns a venres de 9.00 a 14.00 horas
Rexistro auxiliar do Organismo Autónomo de Recadación da Administración Local (ORAL) en Vilanova de Arousa	Aromas de Leyenda, 11 baixo	Vilanova de Arousa	Luns a venres de 9.00 a 14.00 horas

O Presidente,

Pontevedra, 28 de decembro de 2012

O Secretario,



- A todos os Organismos interesados.-